

CONSENTIMENTO INFORMADO



Ten licenza Federativa? ____ Si ____ Non

Autoriza a que lle sexa tramitada pola Asociación ante a Federación correspondente previo pago da mesma(non incluída na cota de soci@)? ____ Si ____ Non (dar a firmar a solicitude de licenza)

O asinante, intervindo en nome propio, como soci@ individual ou como soci@ titular-familiar que á súa vez representa como nai/pai ou titor **responsable** ao seu cónxuxe e fillos, ten pleno coñecemento das condicións da actividade á que se inscribe, en concreto afirma ter coñecemento sobre os seus requisitos e ser informado por: ASOCIACIÓN OS SENDEIROS. En concreto o asinante asume plenamente que:

1.- A práctica do deporte en xeral, e dos deportes contemplados dentro desta Asociación de Senderismo e Montañismo, entrañan unha serie de riscos previsibles, que deben ser coñecidos e aceptados por quen voluntariamente desenvolve estas actividades, **autorizando que participe nas actividades a súa familia facéndose totalmente responsable da mesma.**

2.- En materia de deportes de senderismo e montañismo de calquera tipo, a idea do risco de accidentes de gravidade vai implícita nos mesmos e, por tanto, quen se dedique ao seu exercicio asúmeo persoalmente. O usuario debe sempre prever a posibilidade de accidentes e de necesitar axuda, evitando as actuacións de risco propias ou as que poñan en perigo a terceiros ou posibles rescatadores.

3.- O asinante obrígase a poñer en coñecemento da organización, por escrito, calquera problema físico ou psíquico do que teña coñecemento antes da actividade e que poida afectar á súa seguridade ou da súa familia.

4.- O asinante debe retirarse sen ningunha limitación previamente ao comezo da actividade se a mesma excede os seus límites persoais. Unha vez iniciada a actividade é plenamente consciente de que a retirada non sempre estará garantida, ou que esta poderá ser aínda máis perigosa que continuar na propia actividade inicialmente prevista.

5.- Pola presente admite e declara con plena validez legal que só realizará actividades para as que estea capacitado e das que ten experiencia, sen exceder os seus límites persoais; que utilizará os equipos de protección individual propios e adecuados, con dilixencia e persoalmente, sen descargar a súa responsabilidade do uso e mantemento en terceiros.

Declaro estar conforme coa declaración anterior e lela _____ (firma)

USO DE IMAXES: Pola presente, o asinante autoriza a esta Asociación para empregar as fotografías e imaxes tomadas durante as actividades que se desenvolvan baixo o seu amparo e organización ou a que se inclúan en calquera soporte audiovisual, web, redes sociais, etc.; para efectos de reprodución e comunicación pública. Esta autorización de utilización do contido gravado e da imaxe, faise ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe. A autorización que aquí se concede sobre este material terá un uso de carácter académico cultural e a mesma non está sometida a ningún prazo temporal nin está restrinxida a ámbito nacional algún.

En Foz-Lugo, a ____ de _____ de 201__

Firma, NIF, Nome